

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

No salón de xuntas do Pazo Provincial, ás 11:30 horas do día 31 de xullo de 2015, reúnese o Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento, integrado polos seguintes representantes:

DA DEPUTACIÓN:

- Don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense.
- Don Joaquín Bautista Prieto Rodríguez, alcalde de Larouco, designado por acordo do Pleno da Deputación Provincial do 23 de xullo de 2015.
- Don Francisco José Fraga Civeira, deputado provincial, designado por acordo do Pleno da Deputación Provincial do 23 de xullo de 2015.

DA XUNTA DE GALICIA:

- Don Luis Menor Pérez, director xeral de Emerxencias e Interior, por delegación do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conferida por Resolución do 27 de xullo de 2015.
- Don Rogelio Martínez González, delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, designado por Resolución do Vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 27 de xullo de 2015.
- Don José Antonio Fernández López, subdirector xeral de Seguridade e Coordinación, designado por Resolución do Vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 27 de xullo de 2015.

Actúa como secretario do Pleno do Consorcio, don Francisco Cacharro Gosende, na súa condición de secretario da Comisión Xestora do dito Consorcio.

De seguido procédese á preparación e estudo dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

1.- CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO.- Unha vez comprobada a existencia de quórum, por unanimidade declárase constituído o Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento, conforme co establecido na disposición final dos Estatutos do Consorcio.

2.- ELECCIÓN DE PRESIDENTE DO CONSORCIO.- Por parte do presidente da Deputación Provincial formúlase unha proposta no sentido de que o cargo da Presidencia do Consorcio se exerza de forma rotatoria ó longo do mandato, os dous primeiros anos polo presidente da Deputación Provincial de Ourense e os dous seguintes pola persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou persoa en quen delegue.

Non se producen intervencións someténdose o asunto a votación e, por unanimidade, o Pleno do Consorcio adopta o seguinte acordo:

1º) Elixir Presidente do Pleno do Consorcio para o período do 31 de xullo de 2015 e ata o 31 de xullo de 2017, a don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

2º) Elixir como presidente do Pleno do Consorcio para o período do 1 de agosto de 2017 ó 31 de xullo de 2019, a don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou persoa en quen delegue a súa representación no Consorcio.

3.- ELECCIÓN DE VICEPRESIDENTE DO CONSORCIO.- Por parte do presidente da Deputación Provincial formúlase unha proposta no sentido de que o cargo da Vicepresidencia do Consorcio se exerza de forma rotatoria ó longo do mandato, os dous primeiros anos pola persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou persoa en quen delegue e os dous seguintes polo presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Non se producen intervencións someténdose o asunto a votación e, por unanimidade, o Pleno do Consorcio adopta o seguinte acordo:

1º) Elixir como vicepresidente do Pleno do Consorcio para o período do 31 de xullo de 2015 ó 31 de xullo de 2017, a don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou persoa en quen delegue a súa representación no Consorcio.

2º) Elixir vicepresidente do Pleno do Consorcio para o período do 1 de agosto de 2017 e ata o 31 de xullo de 2019, a don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

4.- NOMEAMENTO DE SECRETARIO E INTERVENTOR DO CONSORCIO ENTRE FUNCIONARIOS

DOS ENTES CONSORCIADOS.- Por parte do **Sr. secretario** expónse que de conformidade co artigo 16 dos Estatutos do Consorcio establécese a competencia do Pleno para o nomeamento das persoas que desempeñarán os postos de Secretario e Interventor do Consorcio entre o persoal funcionario procedente dos entes consorciados. Non obstante, os propios Estatutos prevén no parágrafo segundo do artigo citado que no caso de que resulte aplicable ó Consorcio a normativa sobre reserva de funcións e provisión de postos de traballo a funcionarios de administración local con habilitación nacional, a dita normativa prevalecerá sobre o disposto no parágrafo precedente. Á vista do exposto, e tendo en conta que na propia exposición de motivos do Decreto 67/2015, do 30 de abril, polo que se aprobaron os Estatutos do Consorcio Provincial, establécese que o Consorcio ten o carácter de entidade local non territorial, considérase que a dita normativa si é de aplicación. Isto implica a necesidade de que por parte da Dirección Xeral de Administración Local se proceda á clasificación dos postos de traballo reservados, podendo solicitarse a exención do deber de mantemento dos ditos postos e o establecemento dunha fórmula de cobertura alternativa mediante acumulación ou a través do servizo de asistencia da Deputación Provincial. Sen prexuízo disto, provisionalmente e ata tanto non se resolva esta cuestión pola Dirección Xeral, ó amparo do establecido no artigo 16 parágrafo 1º dos Estatutos, poderían nomearse provisionalmente un secretario e un interventor para a realización das actuacións previas á posta en funcionamento do Consorcio entre funcionarios da propia Deputación Provincial, á que o Consorcio queda adscrito.

Toma a palabra o **Sr. presidente**, que propón que provisionalmente se nomee como secretario e interventor do Consorcio ó secretario e interventora da Deputación Provincial, ó abeiro do artigo 16 parágrafo 1º dos Estatutos, e que paralelamente se solicite á Dirección Xeral de Administración Local a clasificación dos postos e a exención do deber de mantemento para a súa provisión mediante acumulación.

Propón, ademais, que se solicite xa a autorización da acumulación a favor de don Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez, secretario-interventor do Concello de Sandiás, motivando a dita proposta no feito de que actualmente é o secretario-interventor do Consorcio Comarcal de Incendios da Comarca da Limia, o que acredita coñecemento e experiencia na realización

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

das funcións que lle corresponderán, sendo o funcionario con habilitación nacional con experiencia en consorcios comarcais cuxo posto de traballo se encontra xeograficamente máis próximo á sede do Consorcio Provincial.

Non se producen intervencións someténdose o asunto a votación e, por unanimidade, o Pleno do Consorcio adopta o seguinte acordo:

1º) Designar como secretario do Consorcio a don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, e como interventora a dona Mónica Legaspi Díaz, interventora da Deputación Provincial de Ourense.

As ditas designacións realízanse ó abeiro do artigo 16 parágrafo 1º dos Estatutos do Consorcio, ata tanto non se proceda á clasificación e provisión dos ditos postos conforme á normativa aplicable en materia de postos reservados a funcionarios de administración local de carácter nacional.

2º) Solicitar á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a clasificación dos postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional do Consorcio como os correspondentes a unha secretaría de clase terceira.

3º) Solicitar á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a exención do deber de mantemento de postos propios reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, dado que o volume de servizos xestionados determinan un campo de acción administrativa moi limitado que non xustifica o mantemento dos ditos postos de traballo.

4º) Solicitar que se autorice que as funcións reservadas (correspondentes ó posto de secretario-interventor), se exerzan por acumulación. As correspondentes á tesourería se exercerán conforme co previsto na disposición transitoria sétima da Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local.

5º) Solicitar que se autorice a acumulación das funcións de secretario-interventor a don Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez, secretario-interventor do Concello de Sandiás, con efectos do 1 de xaneiro de 2016.

5.- INFORME SOBRE ACTUACIÓNS A SEGUIR PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO

CONSORCIO.- O Sr. presidente cede a palabra ó secretario do Consorcio co fin de que expoña os pasos a dar para a efectiva posta en marcha do Consorcio.

CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

O Sr. secretario explica que cos acordos adoptados no día da data o Consorcio queda politicamente constituído, pero resta un proceso transitorio de construción da administración consorcia, que se completará nos próximos meses, prevéndose que o día 1 de xaneiro de 2016 o Consorcio estará plenamente operativo. Neste sentido resulta necesario proceder á obtención do CIF do Consorcio, á aprobación dos orzamentos para o exercicio 2016 e á transferencia dos medios humanos, materiais e financeiros de que dispoñen os actuais consorcios comarcais, que deberán proceder en paralelo á súa disolución. Espérase, por tanto, que todas estas operacións se poidan levar a cabo antes de decembro de 2015, garantindo a posta en marcha do Consorcio o 1 de xaneiro de 2016, para o cal probablemente sexa preciso unha ou varias reunións do Pleno do Consorcio co fin de adoptar os acordos pertinentes, incluíndo, no seu caso, a autorización de prórroga das actuais concesións dos servizos consorciais e a licitación dunha nova concesión dos ditos servizos a escala provincial.

O Sr. presidente sinala ademais que será necesario estudar a posibilidade de accións de cooperación desde o Consorcio Provincial co Servizo de Extinción de Incendios da Mancomunidade de Celanova e co Parque de Bombeiros do Polígono de San Cibrao das Viñas, dependente da Deputación Provincial.

Tras un breve cambio de impresións entre os membros do Pleno dáse por concluído o tratamento deste punto, quedando os seus membros informados.

Ó non haber máis asuntos que tratar, sendo as 13.00 horas do citado día trinta e un de xullo do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a sesión do Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento, recollendo o actuado na presente acta. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,